

Entrevista vital a José Ángel Valente: de Xenebra a Almería

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

No volume 4 de *Moenia*, correspondente á anualidade de 1998 e, por conseguinte, publicado en 1999, editamos, baixo o título “Entrevista vital a José Ángel Valente: de Ourense a Oxford”, unha conversa na que o poeta relataba a súa vida dende o tempo da súa infancia ourensá ata a súa instalación profesional na Universidade de Oxford, pasando pola súa xuventude universitaria en Santiago de Compostela e Madrid e polo seu servizo militar en Ceuta. En conexión con aquela primeira entrega, presentamos agora a continuación do seu relato sobre a súa traxectoria adulta, dende que comeza a traballar como funcionario da OMS en Xenebra ata que se traslada a París como xefe de traducción da UNESCO e, xa xubilado, se retira a vivir a Almería.

MOENIA.- A entrevista anterior concluiu cando ías contar como en 1958 abandonaches Oxford e te instalaches como funcionario da ONU en Xenebra. ¿Cal foi o porqué deste cambio?

JOSÉ ÁNGEL VALENTE.- Porque eu tiña xa unha familia, tiña xa dous fillos e non tiña un salario moi bo en Oxford. Entón propuxéronme o de Xenebra e pagaban moi ben. Eu estaba pensando nese momento en voltar a Madrid para facer oposicións a cátedra, pero iso supuña o que supuñan as oposicións entón e agora, que era meterse no carro dun mestre, facerlle a *pelotilla*, facer de criado del e que el te apoiara para facer as oposicións. Entón, nese intre, chamáronme de Xenebra, concretamente da Organización Mundial da Saúde, que estaba establecendo a súa sección de español. Eu non sabía nada dos organismos internacionais. Cando me escribiron, dixeran que iría facer unha proba, pero que non podía pagar a viaxe, porque non tiña cartos. Eu vivía moi axustado, ademais gastaba moitos cartos en calefacción e, aínda así, recordo que estudiaba con abrigo dentro da casa. Ou sexa que, co meu soldo, me tiña que axustar moito. Ademais vivía connosco a miña sogra, a nai da miña primeira muller. Entón, fun a Xenebra e quedei asombrado. A calefacción era fortísima, nas casas non se respiraba coa calor, mentres que eu en Oxford pasaba frío. E logo que cando estaba en Inglaterra o whisky servíase nun dedal, nunha medida, e entón botábase o xeo e todo iso. De feito, eu compraba un par de botellas de whisky en todo un ano. Pero en Xenebra botaban whisky a porrón aberto. Quedeime impresionado destas mostras de riqueza. Así que fixen o exame, e inmediatamente me preguntaron se quería quedarme. Pero eu tiña que voltar á Universidade e terminar alí o trimestre, porque era o

meu compromiso. Por outro lado, debía pedir permiso para marchar porque asinara un contrato que cubría outro ano máis. Por outro lado, os da Universidade, cando eu informei de que me chamaran de Xenebra, dixéranme que podían prolongar o meu contrato todo o tempo que quixera (entón, o profesor responsable era Peter Russel, que era moi amigo meu, e que era un home intelixente e moi cordial). Ademais alí estaban acostumados a que estivera alí moitos anos don Alberto Jiménez Fraud —a miña relación con don Alberto empezou en Oxford, non empezou en Xenebra—, porque el era o *lecturer* que tiña a Universidade de Oxford. A Universidade de Oxford e a Universidade de Cambridge non tiñan lector, tiñan un *lecturer*, que tiña un contrato renovable e que cobraba menos que os outros. Tiña unha casa que dependía tamén do Colleje. Eu decidínme e dixen, ben, en Xenebra pagan moi ben, porque en efecto pagaban moi ben, non había moito traballo, porque estaban empezando a organizarse estas cousas, e non había moita xente que falara en inglés. Así que considerei que podía ser mellor que voltar a Madrid e meterme no da oposición universitaria. Claro que tamén pensei que aquilo interrompía a miña carreira universitaria, isto era evidente, e aquilo a min producíame un pouco de mala conciencia. Entón pensei que ao mellor podía quedarme dous anos ou tres e gañar un pouco de diñeiro e voltar a Madrid, e seguir coa miña tese. A nova tese que proxectara en Oxford, da que publiquei algún fragmento, trataba sobre a influencia da literatura española na literatura inglesa do século XVII. De maneira que me trasladei a Xenebra no suposto de que estaría uns tres anos, para gañar un pouco de diñeiro, e quedeime vintecinco.

M.- ¿Como se desenvolveu a túa vida privada e familiar en Xenebra?

J. A. V.- Empezou a crecer a familia, veu outra filla, a Patricia, e despois outra que morreu deseguida, a última, que se chamaba María e que non viviu máis que seis meses. Para min foi moi forte isto porque, como ademais a tese dos médicos era non vencellar moito a nai emotivamente coa filla, porque pensaban que non era viable, eu vivín o problema de converterme no pai e na nai da rapaza. Cando morreu, estaba moi deformada, tiña moitos problemas. Practicamente non saíu da unidade de coidados. Sacáronma para ensinárla un pouco, pobriña. Levei un disgusto espantoso. Ademais non soportaba que me dixeran que era mellor que morrera, para non ser unha desgraciada toda a vida. Pero eu non podía soportalo, eu defendía a vida como fora. Todo aquilo resultou moi forte para min. Cando terminou ese período quedei moi mal, tiveron que medicarme, porque ata tiña vertixe ao erguerme da cama. Fixen un esforzo psíquico terrible, porque asumín as dúas funcións. Por suposto, era lóxico apartar a nai desa filla, pero o problema é que recaeu todo sobre min, que acabei sendo a nai e o pai da rapaza. E, ben, con todas as cousas, xa me fun quedando alí en Xenebra, os nenos empezaron a escolarizarse alí, a falar francés, e pasei vintecinco anos en Xenebra.

M.- ¿Onde e como moras nun principio?

J. A. V.- Vivín a maior parte do tempo nunha rúa que se chama Rue Carteret (non sei quén era, se un escritor ou quén). Despois, na última etapa, cando o meu fillo empezou xa coas historias da droga, para alongalo un pouco de Xenebra e do mundo da droga compreí unha casa en Collonges-sous-Salève, en territorio francés, moi preto da fronteira, para estar no campo, a ver se así... pero foi inútil. Ao contrario, despois ti-

ñamos moita angustia, porque viña drogado e viña nun velomotor, e entón pensamos que lle podía pasar calquera cousa, collelo un coche, en fin. Fíxome sufrir moitísimo ese rapaz. Fixen unha inversión afectiva nel enorme, empezou coa droga cando era un adolescente, cando tiña dezaseis anos e viviu deica os trinta e tres. Levantándose, caendo, volvendo a caer, tratándose de novo. El tiña unha certa vontade de saír da historia da droga, pero non podía. Eu vivín moitísimo o problema, falaba moito con el e cos seus amigos, porque nunca tiven unha posición autoritaria nisto porque non servía para nada poñerse duro, ¿que ía facer? Pero eu paseino moi mal. Eu lémbrome chegar a casa e encontralo na cocíña, sentado nun banquiño, coa cabeza caída completamente como se estivera morto, telo que coller en brazos e subilo á súa habitación e empezar a quentalo un pouco, botarlle mantas, darlle fretas e despois algunha cousa quente, e así empezaba a revivir un pouco, pero... drogábase moitísimo. Terminou como terminou. Terminou cunha sobredose de heroína, que creo que foi provocada, que non foi casual, que tomou esa dose de heroína sabendo que non a podía tomar. Eu falei co terapeuta e díxome “A verdade, señor Valente, é moi duro, pero eu tamén creo o mesmo”. Porque el morreu dunha sobredose nun momento no que tiña unha cita coa nai e co terapeuta. En vez de ir á cita, tal como soían facer os que se drogaban, meteuse nuns urinarios, moi perto do sitio onde era a cita, nuns urinarios da Plaine de Plainpalais neste caso, que é unha enorme praza que hai no centro de Xenebra, e pinchouse, e pasou a mellor vida. Ademais ía sen documentación, era unha cousa calculada. Así que esa foi un pouco a miña historia en Xenebra.

M.- ¿Cal é a historia da túa relación co boneco Pancho?

J. A. V.- Merqueino en Xenebra nos anos sesenta. Eu compreí ese boneco para min, non para os meus fillos, nunha tenda, porque o vin de repente, alí, soíño. Ese boneco fixo revivir en min o neno que tiña sido. Leveino para min e quíxeno, porque é un boneco que está cos brazos abertos, que está coma crucificado e, dende entón, acompáñame sempre, téñoocomigo, é moi querido para min. Evidentemente, eu establecín unha relación con ese boneco, e ese boneco é como unha parte de min. Eu falei con el e hai unha serie de poemas que pertencen á serie de Pancho. Agora fai tempo que non escribo sobre o boneco, pero, ao mellor, fágoo en calquera momento.

M.- ¿Cal foi o teu labor profesional durante estas décadas?

J. A. V.- Saquei moito tempo para escribir, porque non había moito traballo nesa época nos organismos, agora hai moitísimo, trabállase dunha maneira masiva, pero nesa época non, ademais era unha organización pequena. Para min non tiña moito atractivo. Traballei primeiro como traductor, pero axiña pasei a ser o que se chama un revisor, que é quen ve o que fan os tradutores, corríxe, e, por suposto, traduce cando se trata dun texto especial, por exemplo un discurso dun director xeral. Ese era o traballo que facía. Para min non tiña ningún interese fóra do económico. Tratábase de textos administrativos, ou políticos, pero desta política da Organización das Nacións Unidas que pronto empezou a facer auga; agora a ONU xa está completamente desprestixiada, xa se encargaron disto os norteamericanos.

M.- Pese á distancia, continúa colaborando na revista *Índice*, así como en *Cuadernos Hispanoamericanos*, *Ínsula* ou *Papeles de Son Armadans*. ¿Como compaxinabas estas presencias coa túa ausencia física de España?

J. A. V.- Eu sempre crín que a presenza física non era necesaria, que o importante era a presenza creadora. Cando marchei para Oxford, aínda teño a carta de presentación para don Alberto Jiménez Fraud que me fixo Vicente Aleixandre, que era bastante amigo meu, e que me recomendaba a don Alberto e todo iso, recordo que o Vicente me dixo: “Está ben que vaias a Oxford, ademais en Cambridge estivo Cernuda, e pode ser interesante, ademais vas aprender mellor inglés e todo iso, pero non esteas moito tempo fóra porque neste país cando un se vai, olvídanlo”. Eu decidín que non me importaba que me olvidaran, que a presenza non é unha presenza física, que a presenza é unha presenza de tipo literario. Eu viña moi pouco a España, pero mantiña unha colaboración continua. Por exemplo, con *Ínsula* eu colaborei moitísimo, con *Índice* tamén, despois con *Papeles de Son Armadans*, e mantiven unha correspondencia con elas grande, que nunca se interrompeu.

M.- “Tendencia y estilo”, publicado en *Ínsula* en 1961 e logo en *Las palabras de la tribu*, pon en tea de xuízo o valor e sentido da retórica social que entón se cultivaba en España, pero isto non quere dicir que ti non fixeras tamén unha poesía crítica e comprometida, como mesmo proba a túa inclusión nas antoloxías *Veinte años de poesía española* (1960) e *Un cuarto de siglo de poesía española* (1966) de Castellet ou *Antología de la poesía social* (1965) de Leopoldo de Luis. ¿Como compaxinabas as dúas cousas?

J. A. V.- Non creo que eu fixera poesía social propiamente dita, o que facía era unha poesía crítica. Sempre que explico a evolución da miña poesía digo que a palabra poética é unha palabra aberta, e un baixa pola palabra ás distintas capas da memoria, é un exercicio da memoria, entón un baixa á memoria persoal, á memoria colectiva, e, no terceiro paso, á memoria da materia, a memoria do mundo. Entón eu baixaba á memoria colectiva, era o que estaba vivindo nesa época. E facía unha poesía evidentemente crítica. ¿Chamarlle a iso poesía social? Non vexo moito a razón de chamarlle poesía social: facía unha poesía crítica, pero creo que poesía social propiamente non fixen nunca, entendendo por poesía social o que facía Blas de Otero, por exemplo, que era o gran poeta desa xeración, admíroo moitísimo, e desde logo os Celayas e todo iso. Pero a miña era unha poesía fundamentalmente crítica: estou nunha sociedade e véxoa cun ollo crítico, cun ollo crítico que, finalmente, levoume fóra.

M.- ¿Por que publicas en *Índice* os demoleedores poemas críticos sobre a situación poética en España “Poeta en tiempo de miseria” (1963) e “Fábula de payaso en la ancianidad y su pareja” (1968), que orixinarán unha réplica de Félix Grande en 1969?

J. A. V.- “Poeta en tiempo de miseria”, inspirado en José Hierro, é un poema que é verdade, probablemente a el doeulle moito porque é verdade. Hierro era un home que tiña un pasado non sei se comunista ou se non moi próximo ós comunistas, non o podo dicir con seguridade, pero que para poder sobrevivir veu a Madrid traído por Florentino Pérez Embid e pola xente do Opus Dei. Vendeuse nun momento en que os intelectuais españois se viran dispersados por todo o mundo ou asasinados, como foran liquidados Federico García Lorca e Miguel Hernández, por non falar de Galicia, onde houbo unha represión tremenda e os galeguistas superviventes pasaron ó cárcere ou tiveron que emigrar. “Fábula de payaso en la ancianidad y su pareja” é un poema moi duro que nunca recollín en libro, porque é un poema verdadeiramente duro. Aos

Celaya sentoulles moi mal que Félix Grande puxera en evidencia que o retratado era Gabriel Celaya. De feito, eu non entrei en polémica con Félix Grande porque el non tiña nada que facer nesta cuestión, na que entrou tan só por figurar.

M.- O ensaio “Conocimiento y comunicación”, de 1963, considérase todo un manifesto en favor da poesía como coñecemento que representa a toda a nova promoción, en oposición á concepción da poesía como comunicación postulada por Alexandre e teorizada por Bousoño. ¿Eras consciente do seu valor xeracional?

J. A. V.- Pois si, creo que si, que era consciente de que tomaba unha posición. Tamén nese senso, escribiu Barral e, por esa mesma época, creo recordar que Gil de Biedma estaba en posicións parecidas, de negarse a aceptar que o acto poético consistira fundamentalmente nunha comunicación. O que mantiven aí foi que era un coñecemento. Ademais, cando organizei *Las palabras de la tribu*, engadin a este ensaio moitas notas porque seguín traballando sobre o tema, e as posicións básicas alí expostas seguen sendo válidas para min. O que pasa é que maticei despois moito o que era ese coñecemento, que pode ser un incoñecemento.

M.- Pese á distancia física, en todo momento parece preocupado pola situación sociopolítica española cunha activa solidariedade antifranquista. ¿Que relación política tiveches coa oposición a Franco e concretamente co Frente de Liberación Popular?

J. A. V.- Eu tiña unha relación activa coa política antifranquista. Estaba comprometido activamente como militante do Frente de Liberación Popular, do chamado FELIPE. Organizaba células para explicar o marxismo aos militantes e tiñamos un grupo que formamos nós. O Xoan Anllo tamén traballaba nisto e tamén botaba unha man Xosé Fernando Pérez Oya. En fin, xente da esquerda que estabamos alí. Tamén era militante do FELIPE e estivo alí nesa época José Luís Leal, que logo sería ministro pola Unión de Centro Democrático e que é o actual presidente da Asociación da Banca Española, que entón estaba no exilio. Eu participei activamente na loita antifranquista, o que pasa é que cría que a miña actividade tiña que ser unha actividade de formación da xente, de explicarlle á xente o que era o marxismo, o que era a división de clases, toda esa historia que despois se foi cambaleando teoricamente, pero que entón tiña moita forza e que era no que había que apoiarse. Traballei moito niso. Era un militante, o que pasa é que nunca quixen pasar da base, porque non era un político. Traballaba coa xente por axudala e por pasarlle o saber que eu podía ter por ser un home lido, mentres que eles eran obreiros. O que pasa é que moitas veces levábame a sorpresa de que lles interesaba a poesía, e pedíanme que lles lera poesía, e entón eu líalles poesía.

M.- ¿Cal foi a túa relación con Julio Álvarez del Vayo, a principal figura da oposición antifranquista en Xenebra?

J. A. V.- Si, coñecín a Julio Álvarez del Vayo, pero así como homes como Alberto Jiménez Fraud deron unha idea moi positiva do que tiña sido España antes da guerra, Álvarez del Vayo, que era unha boa persoa, era un home politicamente cego, con moi pouca capacidade de político. E estaba completamente xordo. Así como don Alberto tivo o acerto de poñerme en contacto cunha España dunha grande dignidade, pois don Julio estaba metido nunha historia política non moi clara e pouco intelixente. Era un

home afectuoso, que ademais sempre quería verme. Ía cear moito a casa de José Fernando Pérez Olla, que sempre me dicía: “Ven cear, que don Julio quere falar contigo”; pero eu dicíalle: “Mira eu vou tomar café porque... é moito don Julio”. Ademais, como Álvarez del Vayo estaba xordo, cando eu chegaba alí, xa antes de tocar o timbre, escoitaba as voces de don Julio: “...porque teño un cargamento de mecheros búlgaros...” O único é que, a cousa era clarísima, os mecheros eran pistolas: “Hai que repartir iso, temos que facer algo e non sei qué. Ademais, teño agora un personaxe clave e imos acabar con Franco en moi pouco tempo”. E o personaxe clave era José-Miguel Ullán, que estaba na miña casa, e que non lle podíamos contar a don Julio que o tiña eu na casa. E ademais o pobre traballaba para Vayo porque lle pagaba un pouco, e tiña que pasar a aduana de Xenebra cargado de propaganda política que ía buscar a Milán. A min dábame unha pena tremenda, eu acompañábo alí e quedábame mirando, tremendo, porque pensaba que se lle abrían a maleta e lle quitaban a propaganda política metíano no cárcere... En fin, este era o papel de don Julio nos anos setenta ou por aí.

M.- ¿Como viviches a formación do Frente Revolucionario Armado Patriótico que auspiciou Álvarez del Vayo?

J. A. V.- Álvarez del Vayo, pouco antes de morrer, fundou o FRAP, que foi outro disparate. El non tiña nin idea. E traballábase cunha irresponsabilidade moi grande. Eu vin a miseria da emigración política española, a verdadeira miseria, sobre todo por causa dos xefes do Partido Comunista de España en Xenebra, que despois se escindiron e pasaron á parte prochina, que era a parte que dirixía Álvarez del Vayo, porque el era moi prochino, e crearon o FRAP. Logo, cando morreu don Julio, aquilo xa foi, debeu ser, unha catástrofe, porque ademais caía a xente presa en España e demais. Un dos que tivo que saír botando chispas de España foi José-Miguel Ullán, que pertencía á Federación Centro, porque toda ela estaba infiltrada pola policía. E ademais caeron porque existían ficheiros cos nomes dos militantes. Isto nunha organización clandestina non se fai, ten que haber outro sistema. ¡Pero tiñan ficheiros, con fotografías e todo, moi organizados! Polo demais vivían unha vida completamente falsa. Eran moi obreiristas, pero me dicían: “Ti faslles moito caso aos obreiros, aos obreiros non hai que facerlles caso”. Porque eles se consideraban a vangarda da clase obreira, que ten carallo. Os do FELIPE tiñamos moita forza, porque contabamos con militantes moi preparados, entón os comunistas sabían que se nós nos presentabamos nunha asemblea, eu organizaba a asemblea poñendo en distintos puntos xente do noso grupo que empezaba a levantarse, e fundiamos a asemblea, non podían facer nada sen nós. Entón mandábanme un contacto para que propuxera tal cousa, pero eu convencía ao contacto que había que propoñer o contrario, E deixáronme de mandar contactos, porque eu chegaba despois e dicía o contrario do que tiña que dicir.

M.- ¿Trouxéronche consecuencias estas relacións?

J. A. V.- Si, concretamente cando me botou a man a policía en Barcelona. Por exemplo, a policía sabía cando os dirixentes comunistas en Xenebra tiñan estado na miña casa con Marcos Ana, aquel comunista que pasara tanto tempo no cárcere de Burgos e que escribiu estando nel. Trouxéranme á casa para que eu vira o milagre da transformación dun presidiario comunista nun poeta. ¡Pobre home!

M.- ¿En que contexto te viches involucrado na redada franquista de Barcelona?

J. A. V.- A cousa foi que, viaxando a Madrid, parei en Barcelona para dar unha conferencia no Museo do Teatro, que estaba nunha casa feita por Gaudí. Tratábase dun acto que dirixía Guillermo Díaz-Plaja, quen entón, como xa eran máis ben as postrimerías do franquismo, dábase o papel de opositor liberal. O que pasa é que non o era. Era un home que se aproveitou todo o que puido dos libros de texto, dicían que era un exemplar da industria textil catalana, pero polos libros de texto, porque ademais conseguía que os seus libros de texto estivesen en tódolos institutos, polo que gañaba moitos cartos. Este home tíñame invitado, pero daquela produciuse o encerro do convento de Sarriá e en consecuencia tiña un medo tremendo. Díxome “Claro, a situación é tremenda, eu non sei se vas poder dar esa conferencia”. “Non te preocupes, non a dou”. O que pasa é que a xente que estaba en España entón, e que vivía nese fio de non querer poñerse a mal cos supostos opositores de Franco porque podían ser homes do poder mañá, e que o foron, eu non porque non fixen carreira política, pero moitos do propio FELIPE o foron: Maragall, por exemplo, fixate a carreira que fixo, e Sartorius, moita xente que pasou á política. Entón, eles tiñan un certo medo de quedar mal cos posibles homes que mandarían en España despois da morte de Franco ou no momento no que Franco desaparecera da política española. Entón díxome: “Mira, eu págoche a conferencia, e non a das”. Eu dixen: “Iso non o acepto, non cobro unha conferencia que non dou”. “É que hai un problema, porque se das a conferencia, hai que ir á Delegación de Información. Hai que ir alí e pode haber problemas”. Insistín en dicirlle que non cobraría unha conferencia que non ía dar, pero el porfiaba en que tan só lle dera o texto para publicar nunha revista de estética, porque, segundo el mesmo, non a lía ninguén. Isto díxome literalmente: “que non le ninguén”. A cousa era non comprometerse, quedar ben comigo, pagándome para botarme fóra. Dixen: “Non, non. Ademais eu non teño o texto configurado, só teño unhas notas”. Por certo é un texto que está publicado en *Las palabras de la tribu* co título de “Ideología y literatura”, é sobre Bertolt Brecht, e isto do tema é importante para o que vou contar. Entón Díaz-Plaja citoume para o día seguinte no Café Moka —ou non sei que café das Ramblas— e accedeu ir á Delegación: “A ver que pasa. Trae un resumen feito do que vas dicir”. Eu escribín pola noite unha cuartillíña. Encontrámonos no café, el mirou o texto, deu unhas grandes cabezadas e comezou a laiarse: “Claro, os que estades fóra non sabedes o que sufrimos os que estamos aquí, loitando dentro...” Subimos á Delegación. El entrou como entran os señores españois, primeiro entra a barriga e minutos despois entra o resto do corpo. Ademais falan desde arriba e non miran para un. Pregunta: “¿Está Fernández?”. “Non, non, don Guillermo. Está González”. “Ben, pois González. Queremos velo”. Pasamos a ver a González e González era un home pequeniño que estaba alí detrás dunha mesa. Presenteille o resumo. E cando estaba lendo o resumo, daba grandes cabezadas de asentimento. E dixo: “Moi ben, estupendo”. Púxolle un selo e autorizou a conferencia. Entón o Guillermo Díaz-Plaja quedou fatal, quedou polo chan. E a única explicación que me deu foi: “E que ás veces dálles vergonza o que fan”. ¡O que lle debía dar vergonza a el era o que el mesmo facía! O problema é que eu levaba uns papeis co resumo da conferencia, que partía do feito de que cando Brecht quería crear unha obra para facer propaganda das teses do partido comunista, como el era máis creador, a forza da creación dáballe unha liberdade que non tiña por qué ter, porque tiña que someterse a disciplina e inmediatamente o partido comunista

condebaba a obra. Esa era a relación de Brecht co partido comunista. Pero eu levaba o esquema da obra, que era sobre a organización da revolución en China. Isto é importante polo que pasou despois. Contábase como entraban catro conspiradores soviéticos en China e contactaban os obreiros, primeiro, as clases medias, os ricos, os produtores, e ían tentando facer un fío para montar a revolución en China. Isto era o argumento da obra. Era unha obra moi interesante, era sobre as ideas éticas de Brecht, que é un autor que sempre me ten interesado moitísimo. Os personaxes ían con caretas, con máscaras, e ao final o conspirador máis novo quita a careta e afirma que vai dicir a verdade, que están traicionando aos obreiros e que iso non pode ser, entón claro, os outros mátanos e quéimano nun forno para que desapareza. Esa é a historia da obra de Brecht que se chama *As medidas tomadas*. En fin, que eu din a conferencia, que todo saíu moi ben e que ninguén protestou.

M.- Pero que serviu de cargo tras a túa detención.

J. A. V.- Claro. Eu, durante aquela visita a Barcelona, estaba vivindo na casa de José Agustín Goytisolo, que entón estaba encerrado no mosteiro de Sarriá con Carlos Barral e con outros amigos. Eu estaba na casa coa súa muller, Asunción, e creo que co seu irmán Juan Goytisolo. Asunción estaba un pouco nerviosa e, ao saír da conferencia, díxome: “¿Por que non nos achegamos a buscar o coche de Toté —que era como lle chamaba ao marido— e retirámolo de alí, porque eu sei onde está aparcado”. Dixen: “Como queiras. Se ti cres que necesitas o coche, pois imos aló”. Pero o problema é que pola noite, o cerco da policía ensanchábase moitísimo, e nós non o sabíamos. Eu sabía ata onde chegaba o cerco de día, pero non de noite. Entón claro, cando chegamos alí nun taxi, de repente a policía parou o taxi, e berrounos “¡Documentación!”. Eu non levaba documentación ningunha, porque fora cambiar de traxe para dar a conferencia. Os da policía díxéronlle ao taxista: “Siga cara o centro da explanada”. Entón baixamos cando chegamos alí e puxéronnos uns focos... como se tiveran capturado a Al Capone. Eu nunca me vin noutra. Era unha cousa de cine. Uns focos tremendos. E veñen para min, e eu pensei: “A min vanme escarallar aquí”. Ademais eran uns animais aqueles tíos, eran os da Brigada Político-Social. Veñen onda min e dinme: “Ti es do Comité Central”. “¿De que Comité Central? Son do Comité da Esquina”. “¡Non empezes con coñas!”. “¡Móste dar unhas hostias, cabrón, fello de puta”. Puxéronme a caer dun burro. E levantaron a man para cascarme. Pero, nese momento Asunción colleu medo e tivo como un desmaio, entón caeu e cortouse e empezou a sangrar por un nocello. Isto desconxestionou un pouco a tensión do primeiro momento e entón eu dixen que era funcionario internacional en Xenebra, na OMS. Entón díxéronme: “Os xefes da OMS son dous comunistas”. ¡Vaia, iso non o sabía eu! Leváronnos á Vía Layetana, e alí tardabamos moitísimo, pero claro a policía estaba moi centralizada. Primeiro, tratáronme moi mal. O que querían era que eu firmara unha declaración dicindo que era un adúltero. Porque a cousa era desprestixiar os capuchinos, dar a imaxe de que aquilo era unha cousa de promiscuidade sexual e de que alí había unha mistura rara, política, cos curas... Entón querían que eu firmara unha declaración dicindo que estaba alí para acostarme coa pobre de Ton, unha rapaza moi guapa, pero que era a muller do meu amigo. A miña tese era que eu non podía asinar iso porque non tiña ningún sentido que eu me fora a un coche, que é incomodísimo, para acostarme con esta señora cando estaba na súa casa e podía foder con ela

na cama. Entón isto cabreábaos moitísimo, producíalles un cabreo... e berraban: “¡Asina, desgraciado!”. “É que non podo asinar, porque é unha incoherencia. Se eu estou só con esta muller na casa e podo acostarme con ela na súa cama, isto é moito máis cómodo que ir por aí expoñerme a que me colla a policía, como me ten collido”. Despois, ao cabo dun rato, chegaron informes de Madrid, porque eles estaban moi centralizados. Entón cambiou o trato, xa non me insultaban, e non intentaban pegarme. A min o que me fastidiaba era que me soltaran unha hostia, o que estivo moi cerca, sobre todo porque eu me negaba a asinar. Ademais preguntábanme por Marcos Ana e polas checas, e se eu tamén participara na estrangulación de xente con cordas de violín. A verdade é que non. Que non participei en nada diso. É que non sei cómo se pode aforcar a ninguén cunha corda de violín. Foi unha noite tremebunda. Cando viñeron os informes de Madrid, chamáronme de novo e dixéronme: “Ti enganáchesnos, porque ti non te chamas José Valente Docasar”. Eu dera o nome de pasaporte, José Valente Docasar. “Ti chámaste José Ángel Valente e es coñecido da policía por dar conferencias antiespañolas no estranxeiro”. Eran os informes dos cónsules, os cónsules mandaban informes continuamente, acusándote se falabas mal do réxime... por exemplo, en Inglaterra, nunha universidade inglesa, e inmediatamente quedabas fichado. Os cónsules eran uns cabróns, os diplomáticos franquistas eran uns fillos de puta. Isto cambiou un pouco a situación. Pola mañá viñeron os xefes, que eran dous irmáns, Antonio Crech e outro irmán que non sei cómo se chamaba. O xefe era Antonio, que foi o que substituíu a Militón Manzanas no País Vasco cando o mataron. Era un torturador preparado polos alemáns, era un home perigosísimo. Entón estes tamén me interrogaron, pero non había moitas probas de que fora do Comité Central. Non había ningunha. E tivéronme que soltar. Claro que eles me quitaran e leran os apuntamentos da conferencia, que precisamente trataba da organización da revolución en China, e aquilo era dun sospeitoso tremendo. Foi absolutamente cómico todo. O encontro co Guillermito Díaz-Plaja, toda a historia da policía... Foi tremendo. Eu, cando me dixeron que podía marchar, din as gracias, pero despois dinme conta que non me devolveran os papeis da conferencia. Así que me volví e díxenlles: “¿Poderían darme a carpeta da conferencia?. Entón puxéronse como tolos: “Márchate de aquí fillo de puta, desaparece, ímoste foder vivo”. Entón eu dixen, ben, ben, quédense cos papeis. Eu tiña a copia dos papeis, por fortuna, e marchei. Iso foi o que pasou en Barcelona. Cando cheguei a Madrid estábanme esperando, non sei quén, pero como se chegara un político triunfante. Ademais iso causoume problemas logo porque foi comunicado á OMS. Eu no interrogatorio non me fixen protexer pola miña condición de funcionario, non quería mesturar a OMS con esta historia, porque era un problema meu. En fin, esta é a historia de Barcelona, que ten bastante interese como historia de época.

M.- ¿Cando e como colaboraches coas iniciativas dos emigrantes galegos en Suíza?

J. A. V.- Empezei a colaborar de seguida, porque os primeiros grupos dos emigrantes eran políticos, formaban parte da loita antifranquista. Eu e mais o Pérez Olla fundamos o Centro Galego, con xente do Partido Comunista. Fixemos un regulamento, non sei quén o fabricou, ao mellor fun eu, aínda que non creo, pero o certo é que o regulamento era tan endiañado que chegaba un momento en que nin podíamos levantar a sesión, nin chegar a ningunha conclusión... había que quedar alí eternamente. Entón

propuxen que fixeran presidente a Pérez Olla, levanteime e marcheime. Sempre lembro a historia dese regulamento. *A Nosa Galiza* fundouse máis tarde. Xa era máis un centro da emigración que un centro político, que era o que foi ao comezo. Traballei moito alí para eles, facía conferencias, traía xente. Despois tamén veu Xoan Anllo, que estaba en Nova York, e vinculouse moito ao centro. Quero dicir con isto que eu traballei moitísimo coa emigración. E desde logo, coa emigración galega, esa foi a base principal da miña colaboración con ela.

M.- Pero tamén colaboraches coa emigración non galega, por exemplo, explicando a obra de Clarín.

J. A. V.- Eu acudía para facer o papel que tivera que facer, así que fixen de vasco, fixen de asturiano... As conferencias sobre Clarín foron no Centro Asturiano. Alí reuníamonos, non sei se unha vez ou dúas veces por semana, a ler e a falar de *La Regenta*. Foi unha lectura interesantísima para min, porque me fixo baixar a capas de lectura ás que non baixaba eu normalmente. Porque había que explicar todo, e oír como interpretaban eles a cousa. Non terminamos o libro, porque xa marchei para París e seguíu outro profesor despois co tema. A parte que fixen gustoume moito e para min foi unha experiencia moi boa. Ademais á xente interesáballes moitísimo. Igual que cando lles lin *Adiós, Cordera*, que non foi nun seminario, senón nunha conferencia que fixen sobre Clarín. E choraban. Choraban. Pero claro, esta xente non sabía quen era Clarín, tratábase de xente obreira. Clarín é unha figura que aínda non está moi reivindicada, pero é o novelista máis importante que ten España despois de Cervantes, isto é clarísimo. Galdós nunca escribiu unha novela como *La Regenta*, escribiu novelas moi boas como *Fortunata y Jacinta*, pero unha novela coa transparencia de linguaxe que ten *La Regenta*... É unha novela extraordinaria, mellor que *Madame Bovary* de Flaubert. A miña experiencia coa emigración foi moi forte, porque foi moi completa. Toquei moita xente, moitos puntos, moitos centros... levábanme a centros de fóra de Xenebra. Eu cría que o único que podía facer un intelectual neses momentos era servir, sen intereses políticos, a esta xente. ¿E como podía servir un intelectual? Pois poñendo en contacto coa cultura.

M.- ¿En que medida partiches da tradición cultural anarquista?

J. A. V.- Eu recordaba o que fora a cultura dos anarquistas na época anterior á guerra, eran cultísimos, sabían moitas cousas. Entón, baseándome nisto, pronunciaba moitas conferencias, daba conferencias en centros importantes, con moita xente, con xente de todos os partidos. Lémbrome dunhas conferencias que fixen en Xenebra, nun hotel que estaba abarrotado de xente. Unha trataba sobre o socialismo científico e outra sobre o anarquismo, pero para explicar o que eran. Cando falei do anarquismo, os comunistas non entendían nada, porque as preguntas eran deste calibre: “Entón, vós, ¿que faredes cando teñades o poder?”. Entón eu dicía: “Mira, eu non estou falando en nome propio. Eu estou expoñendo as teorías de Bakunin, as teorías anarquistas. Pero isto non quere dicir que eu sexa anarquista”. Aínda que a min gustábame bastante máis o anarquismo que o comunismo. “¿Que vamos facer co poder? Pois destruílo, porque a finalidade do anarquismo é destruír o estado”. Non comprendían nada, porque os comunistas non tiñan formación, eran completamente cegos. Eles todo o que fora marchar en manifestacións con bandeiras e tal, estupendo. Pero tan pronto se po-

ñían a discutir... sobre todo cando había intelectuais como Xoan ou coma min, estaban perdidos.

M.- ¿Cales foron as túas relacións co mundo do exilio intelectual en Xenebra, por exemplo con Max Aub?

J. A. V.- A Max Aub vino bastante, era un home bastante encantador, moi boa persoa, pero claro, trateino moito menos que a don Alberto Jiménez Fraud, con quen xa me relacionara moito en Oxford, ou que a María Zambrano. Con Max Aub tiveron encontros máis fugaces. O primeiro encontro importante foi, evidentemente, con don Alberto, que me marcou moitísimo, e logo con María, coa que tiveron unha relación moi grande.

M.- ¿Como foi a túa relación con María Zambrano?

J. A. V.- Pois case familiar, porque tiñamos que levarlle comida para os gatos, cando vivía no Jura, ir por encima da neve co risco de matarnos para alimentar os fodidos gatos aqueles, era unha cousa tremenda. Vivín moito esa relación con ela e coa irmá. Eran dúas, vivían xuntas as dúas irmás, María e Araceli, ata o momento en que a irmá máis nova empezou a tolear. Nese momento eu dinme conta de que que ela ía queimar a casa, cos gatos e todo, ía producir unha catástrofe porque se sentía acosada. A min díxome un día: “Ti es moi bo, ti quéresme moito, pero agora mesmo ti estás cercado polos alemáns, mira onde están”. Entón sinalábame un punto onde, claro, non había alemáns. Tiña tido unha experiencia terrible en París co seu home durante a ocupación. El fora director da policía ou director de seguridade na República, pero logo o colleron os alemáns en París e despois de interrogalo moito, e de ela tratar de salvalo, finalmente o entregaron a Franco, e Franco fusilouno. Isto a ela marcouna moitísimo. Ademais ela tiña outro pretendente que estaba en Venezuela, e este home, cando se enterou de que ela quedaba así, de que xa tiñan fusilado ao outro, escribiu unha carta propoñéndolle que viviran xuntos. Pero ela respondeu que non, que ela era fiel ao recordo do morto, e entón este home suicidouse. Elas estaban cargadas dunha traxedia terrible. Era unha casa trágica. Unha casa verdadeiramente trágica. E despois María quedou soa, porque a súa irmá houbo que trasladala a Belair. E nese momento escribinlle a Ajuriaguerra, que tamén era un exiliado da guerra civil, dicíndolle que a trataran ben economicamente, porque non tiñan diñeiro, que non vivían en Suíza, senón en territorio francés e que tela en Suíza costaba unha barbaridade. Non tiveron resposta de Ajuriaguerra, pero o que pasa é que ela morreu enseguida, e xa María quedou soa.

M.- ¿Incrementouse a túa relación con María Zambrano ao quedar soa?

J. A. V.- Foi entón cando se planteou a cuestión de que se instalara en Xenebra. Primeiro viviu nunha casa en Ferney-Voltaire, aínda en Francia, e despois xa en Xenebra. Cando eu me fun a París armou moito lío, porque ademais ela era moi posesiva. E como teño dito moitas veces, era unha muller moi brillante, pero era unha muller que non tiña dixerido ese verso da *Epístola moral a Fabio*: “Iguala con la vida el pensamiento”. Ela non igualaba a vida co pensamento, o pensamento ía por un lado e a vida por outro. Era dunha dureza co próximo terrible, ademais co próximo próximo. Por exemplo, co seu primo Mariano, que xa era maior, claro, pero que debía ter tido algo malo de pequeno, porque tiña unha cabeza enorme e era un pouco retrasado mental.

Pero eu digo sempre que era o gran filósofo desa familia. Cando lle deron a María Zambrano o Premio Príncipe de Asturias, foi o cónsul a entregarllo, xa que ela non puido ir recibilo por estar moi delicada e ademais porque aínda non retornara nunca a España. Pois ben, o que organizou a casa e limpou todo para a ocasión foi Mariano, pero despois, cando veu o cónsul, escondeuse para que non o viran, porque non se consideraba presentable. Eu quería moito a Mariano e sempre me paraba con el na coziña, cando ía ver a María. Entón, María cabreábase: “Mariano, non distraias a Ángel”, que era como me chamaba. “Non, non, María, se non me distrae, son eu o que estou aquí un momento con Mariano, xa agora vou para aí”. Mariano queríame moito. E era dunha inxenuidade encantadora. Un día que chegou Coral cun abrigo de pel, díxolle: “¡Que guapa estás! ¡Pareces un oso!”. Realmente, facía de criado, era un criado. Ademais non tiña cama, durmía nun diván medio rebentado, cos muelles medio rebentados, como se fora saír de camiño en calquera momento. Alimentábase moi mal, tomaba pan mollado en auga. Era unha cousa terrible. Ademais, de tempo en tempo tiñan que ingresalo no hospital. E cando María retornou a España e máis ou menos lle dixo que xa non o necesitaba, el despediuse dicindo: “Entón, ata a Eternidade”. Claro que logo volveron reunirse en España. Pero ela non visibilizaba o próximo, era unha cousa terrible dela.

M.- ¿Que motivou a túa ruptura con María Zambrano? ¿O teu divorcio?

J. A. V.- Pois non, non, ao contrario, María ofreceuse a testemuñar no meu favor. Entón, eu dixen, “Ben, se ti cres que podes facer esa declaración, pois eu voulle dicir ao avogado que te convoque”. E despois, colleu medo e botouse para atrás. Fíxate se era sofista, que o argumento para botarse para atrás era: “Hai cousas que se ofrecen, pero que non se aceptan”. Ese foi o gran argumento de María. Foi así, ela ofrecíase a testemuñar, pero eu tiña obrigación de dicir: “Non, non, iso non podo aceptalo”. Eu funme dando conta pouco a pouco de que María era como era e nesa caída miña na conta tivo parte importante Coral, porque, como é vasca, é moi directa, e non aceptaba certas cousas de María. E tiña razón. Todo isto levou a que cando eu marchei para París se producira unha ruptura, ela se considerara abandonada e xa se terminara todo.

M.- ¿Cal foi a túa relación con Alfonso Costafreda? “Compañera de hoy” toma o título de Costafreda, a quen xa dedicaras “El otro reino” en *Poemas a Lázaro* e o demoleedor “Portrait of the artist as a Young Corpse” en 1963.

J. A. V.- A Alfonso Costafreda trateino en Xenebra, pero xa o coñecía de Madrid. Tiña con el unha relación grande, xa en Madrid, e eu fixen que viñera vivir ao Collexio Maior Cardenal Cisneros. Era moi amigo meu, quería moito e tamén escribín un poema bastante duro sobre el, “Portrait of the artist as a Young Corpse”, pero foi para sacudilo e non o recollín nunca máis en libro. Ademais prometílle a el que nunca se publicaría máis, que eu non o publicaría nunca máis, pero porque o poema cumpriu o seu obxectivo, que era facelo reaccionar.

M.- ¿Como te relacionaches con Calvert Casey?

J. A. V.- Eu tiveron unha relación moi intensa con Calvert Casey. Era unha persoa encantadora e fomos moi amigos. Admiro moito a súa escritura. Os seus contos paré-

cenme extraordinarios. Pero el sempre dicía que non escribía para ser lido, que escribía para que o quixeran, e creo que era verdade. Tivo unha experiencia moi difícil en Cuba. Primeiro incorporouse á Revolución, pero claro, inmediatamente empezou a represión dos homosexuais, e como el era homosexual, completamente homosexual, tivo que exiliarse. Fixémonos moi amigos. De feito, eu fixen a edición de Molinos porque empezei a ler a súa *Guía espiritual* precisamente con Calvert Casey. Deixei a edición de Entrambasaguas, nun exemplar de María Zambrano. Pero entón vin que aquela edición estaba chea de erros e barbaridades. Ademais o texto está interrompido para dicir, como era propio de Entrambasaguas, cousas como “aquí, aínda que non se note, corre o veneno da herexía”, ese tipo de trangalladas. Así que decidín facer unha nova edición de Molinos con Calvert Casey. Pero nese momento, morreu a súa nai en Cuba, que era unha das cousas que o facía vivir, porque lle podía mandar diñeiro e... quedou como desatado, sen vínculos coa realidade, co mundo. Agora ben, como tiñamos tantos proxectos, como este da edición da *Guía* e todo iso, pois nunca crin que se fora suicidar. Pero marchou para Madrid, estivo na casa de Felicidad Blanc, a muller de Leopoldo Panero, e despois marchou para Roma. E pouco despois chegoume a noticia da súa morte. Pero tiveron moita relación con el. Teño moita fidelidade ao recordo de Calvert. Era un home moi delicado, moi fino, ademais cousa pouco frecuente na xente que escribe, que todos se cren xenios, este home o que dicía é que a el o que lle importaba era provocar o cariño de alguén, que por iso escribía. Ademais, cando viña a casa, sempre deixaba olvidado algo, para poder voltar buscalo, un paraugas... Era un home encantador.

M.- ¿Por que escribiches os poemas “Melancolía del destierro” e “El visitante” sobre o acartonamento do exilio?

J. A. V.- “Melancolía del destierro” reconstrúe un pouco a figura dun home que era moi bo, pero que estaba un pouco fóra do tempo, vivindo dos recordos. Ten como modelo real a José Herrera Petere, un poeta novo durante a guerra civil, do grupo de Alberti, moi amigo de Alberti, e tamén amigo de María Zambrano. Cando se emborrachaba cantaba a “Salve” en latín; era comunista, pero cantaba a “Salve”. “El visitante” escribino cando me viñeron visitar con Marcos Ana, aínda que tampouco digo alí o nome. Os comunistas recoñeceron que era Marcos Ana, porque mo dixo Manolo Azcárate.

M.- ¿Como lembras as túas relacións cos *Cuadernos de Ruedo ibérico*? ¿E como xurdiu o entremés “La guitarra” que publicaches neles? ¿É a túa única peza teatral?

J. A. V.- Eu tiven axiña moita relación con *Ruedo Ibérico* e publiquéi alí moitas cousas. E tiven moita relación persoal con José Martínez. Moita, moita. Ese entremés formaba parte dunha peza teatral completa, en tres ou catro actos, que foi a primeira experiencia que eu tiven no teatro. Entón, pois, como non estaba nada seguro de que aquilo valera moito, pois tiven unha xuntanza con Antonio Buero Vallejo, que é un home que sabe bastante de teatro, el mesmo non é un gran dramaturgo por suposto, pero el sabe de teatro. Entón Buero díxome: “Mira José Ángel, eu creo que o teu é a poesía, ti es un gran poeta, tes un gran porvir como poeta, ¿por que non deixas isto do teatro, que non parece ser que se che dea moi ben?”. Estivo moi delicado. Entón eu

según o consello e rompín a obra, pero gardei ese entremés, que nin sequera me lembro de que trata, e olvidei para sempre o teatro.

M.- ¿Cal foi a motivación da túa viaxe a Cuba e que lembranzas gardas dela?

J. A. V.- A motivación foi a invitación que me fixeron para participar como xurado no premio anual da UNEAC, a organización dos escritores cubanos, e despois quedei para o Congreso Cultural de La Habana que foi no mes seguinte. O premio foi no mes de decembro e o congreso foi en xaneiro. Eu quedeime practicamente dous meses. Nese momento Cuba estaba vivindo no eixo do cambio, porque eu cheguei alí no ano 67 e no 68 empezaron a producirse os cambios. Xa tiña morto o Che Guevara, evidentemente, pero aínda estando el alí houbo moitos problemas. Eu ía con moita ilusión porque nunca tiña estado nun país de lingua española onde houbera unha revolución en marcha. Pero claro, empezei a notar cousas raras, por exemplo, cando cheguei ao hotel, ao Habana Libre, que era o antigo Habana Hilton, subín no ascensor acompañado por unha señora vestida de verde oliva cunha metralleta do carallo. A min dábame moito medo aquilo, a señora estaba moi ben, pero a metralleta... calquera se achegaba a aquilo. Ademais, ao pouco de chegar dinme conta de que non tiña champú e quixen compralo, pero, aínda que no hotel había varias tendas, non tiñan nada dentro. As tendas estaban abertas, tiñan luces, pero non tiñan nada dentro. Entón díxenlle ao camarada, ao compañeiro que me fora buscar ao aeroporto: “Vou comprar un champú”. “¿Champú? Mira, eu tráioche champú”. E tróuxome un champú noxento, pero foi co que tiven que vivir alí en Cuba. Ou sexa que empezei a notar cousas raras. Despois, cando cheguei ao cuarto, había unha caixa de puros, unha botella de ron e unha caixa de chocolate como regalo. Pero o chocolate —fixate, eu viña de Suíza— era como terra. Era unha caixa enorme de chocolate, pintada por Mariano, o pintor amigo de Lezama, pero eu non sabía que facer con ela. Había unha señora que estaba preparando un pouco o cuarto e díxenlle: “Mire, a min o chocolate faime dano, así que se vostede quere aceptalo...” Pero contestoume: “É que non podemos”. “¿Que non poden? Pero se é un regalo meu”. “Non podemos saír cun paquete”. “Pois eu escribille un papel dicindo que isto é un regalo meu para vostede”. “Pois ao mellor se pon iso, déixanme saír co chocolate”. Así que escribín: “Este é un obsequio de José Ángel Valente para la compañera tal e a súa familia”, e deixárona saír. Todo isto a min empezou a darme unha idea de que tiña entrado nun territorio que non era o que eu pensaba. Despois chamei por teléfono aos españois que pensabamos que estaban por alí, como Alfonso Sastre. Entre as primeiras persoas coas que conseguir falar estaba Amparo Gastón, a muller de Celaya. Eu tiña o costume, ou máis ben Alfonso Costafreda tiña o costume, ao chamar por teléfono, de dicir: “¡Aquí a policía!”. Entón, non sei por qué se me veu á memoria esta historia, e cando colleu Amparito Celaya o teléfono dixer: “Aquí a policía”. ¡Nunca dixera iso! ¡Colleu un medo tremendo!. E como vin que quedaba paralizada, dixer: “Son Valente”. “¡Estás tolo!”, repetíame. “¡Estás tolo! ¡Que cousas fas! ¡A policía! ¿Como se che ocorre dicir iso? Porque aquí estamos moi perseguidos”. Dixer eu: “¿Que estamos moi perseguidos aquí? ¡Pois estamos perseguidos por todo o mundo!”. Estaban cagados de medo, era unha cousa terrible. Xa despois empezei a ter relación con José Rodríguez Feo, con José Lezama Lima, con Eliseo Diego, coa xente da revista *Orígenes*... E xa vin que a situación era moi difícil. Que a situación estaba no punto de cambio, porque cando os rusos entra-

ron en Checoslovaquia, a xente saíu en Cuba para manifestarse contra os rusos, pero Fidel Castro deu ordres para que a manifestación se convertese nunha manifestación a favor dos soviéticos, porque xa tiña cambiado de liña.

M.- ¿Como foi o teu encontro con José Lezama Lima?

J. A. V.- O meu encontro con Lezama foi coma un *coup de foudre*. Eu fun ver a Lezama á súa casa de Trocadero en La Habana. Quedei fascinado. Fun con José Manuel Caballero Bonald, que ademais foi quen me dixo que tiña que coñecer a Lezama, porque era un home interesantísimo. Eu aínda non tiña lido *Paradiso*. Entón fun ver a Lezama e empezou a falar, e eu quedei... eu nunca tiña coñecido unha cousa semellante, era unha forza da natureza. Falaba como escribía. O mesmo que escribía, falaba. Empezou a contar cousas e quedei alí horas e horas. Logo, el díxome: “Mañá vémonos outra vez”. “Home, por suposto que nos vemos. Eu encantado, se non lle molesta a vostede”. “Non, non, non, porque eu necesito os meus amigos”. Era un home moi cordial e, ademais, recibíume moi ben, pero José Manuel Caballero Bonald, que fora quen insistira en que era importantísimo ir coñecer a Lezama, dixo que el non volvía porque verdadeiramente era unha cousa terrible, era aplastante. Pero era divertidísimo. Eu tiña notas desa primeira conversa con Lezama. Por exemplo, lémbrome que estivo explicando a cor das cortinas da sala dos Uffizi, onde está *La Nascita de Venere*. Pero el non tiña estado nunca en Florencia, el saíu unha soa vez de Cuba para ir a Xamaica e esta foi a única saída que fixo de Cuba. Entón estaba explicándome a min, que tiña estado nos Uffizi varias veces, como eran as cortinas, pero claro eu xa non me lembraba de cómo eran, non sei cómo lle podía discutir isto a Lezama, que describía as cortinas dicindo que caían pesadamente, todo iso... Tiña un poder de imaxinación increíble. Outra cousa que me explicou nesa longuíssima tarde-noite foi o menú de Carlos V na véspera da batalla de Mühlberg. Porque a el as cousas da cocíña interesábanlle moito. Non fai falta lembrar a famosa comida de *Paradiso*. El era moi sensual, dunha sensualidade terrible. Pois o menú de Carlos V. ¿Como lle discutías o menú de Carlos V? ¡Eu que sei o que comía Carlos V! Pero el sabía, ou cría saber, e seguramente era verdade, o que tiña comido o Emperador antes de loitar contra os protestantes. Era un personaxe sorprendente. Debo dicir que non coñecía a ninguén no mundo noso peninsular da altura de Lezama. Tamén debo dicir que coñecía a Borges, que tamén era excepcional. Pero Lezama tiña unha forza absolutamente increíble, ademais tamén era moi irónico.

M.- ¿Cando e como te encontraches con Jorge Luis Borges?

J. A. V.- A Borges coñecino en Berlín, nun congreso que fixo unha organización que despois desapareceu e que parece que estaba financiada pola CIA. Pero nós non sabíamos que estaba financiada pola CIA. Era un congreso sobre novela latinoamericana, no que me quedei porque había novelistas que coñecía, pero, sobre todo, por el, que era un home cunha capacidade de sarcasmo increíble. Na inauguración deste congreso, un alemán, que era un personaxe oficial, non sei qué era, sería un profesor, pero que non sabía español, aprendeu o discurso en español, porque os alemáns son así de cabezudos. Pero, claro, aínda que o aprendeu, tiña fallos. E nun momento dixo: “Porque nosotros, *alemanos...*” E entón ouviuse a voz de Borges, que dixo: “Y nosotros, *argentines...*”. El sempre comentaba que dicía estas cousas porque, como era

cego, cría que non o oían, que por iso dicía estas impertinencias, que tiñan que perdoalo. Daquela estaba con María Esther Vázquez, nesa época era a súa acompañante. Creo que pasamos o mesmo día a Berlín Este, porque estaba aínda o Muro, e eu despois vino en Buenos Aires, na Biblioteca Nacional. Acompañeino moito, e levoume moito por sitios de Buenos Aires. Ía sinalándome cousas inexistentes, porque como non vía dicía “aquí hai un patio moi bonito”, pero non había nada, a casa xa a derribaran. Entón acababa de casar ou quizais xa de separarse, non sei, en todo caso xa ía o matrimonio moi mal e queixábase moito, porque ela non era unha muller culta e... Era moi simpático Borges. E despois, cando íamos paseando por Buenos Aires, parábase todo o tempo. El, que era un experto en rirse de si mesmo, dicíame: “Todo isto, como pode imaxinar, é unha cousa montada para impresionalo a vostede. Toda esta xente teño que pagala eu”. Era moi simpático, moi intelixente e moi modesto no fondo, ese tipo de persoa que se despega de si mesmo, que non termina de creer que existe. A min interésame moitísimo isto porque ademais creo que tamén me pasa un pouco a min, que non creo que exista completamente. Pero, ben, iso é outro tema.

M.- ¿Cal foi a orixe do conto “El uniforme del general”, que ocasionará o secuestro de *Número trece*?

J. A. V.- A orixe debeuse a que, a primeira vez que viñen a Almería, estiven invitado na casa dun amigo que era de aquí. Entón coñecín unha serie de xente, evidentemente nese momento era a época franquista e eu establecín contacto con xente do Partido Comunista, e un destes militantes contoume unha historia que tiña pasado en Fiñana, que era o feudo do xeneral Saliquet, porque a muller do xeneral Saliquet era de Fiñana. O que pasou foi que Fiñana, como moitas partes do Levante, do Mediterráneo español deica Barcelona durante a guerra civil, estaba rexida por unha comuna libertaria, da que formaban parte tamén os comunistas, pero que era máis ben de tinte anarquista. Todas esas comunas compartiron a típica organización anarquista, que foi moi importante en toda a zona mediterránea española e funcionaba moi ben. Este militante comunista contoume que na comuna que rexía Fiñana, como en todas estas comunas, facían traballar á xente de dereitas, traballar para a comuna, para o traballo colectivo. Non había represión ningunha, simplemente facían traballar. Neste mesmo sentido, lémbrome que cando estaba en Asturias, unhas señoras, entre elas a nai dun amigo meu, dicíame: “Vostede non se pode imaxinar como nos trataron os roxos”. “Non sei, señora, non mo podo imaxinar”. “Pois, fíxese vostede, a min me facían lavar os pratos”. Eu tiñame que conter para non dicirlle, pois que ben feito estaba, se non lle facían máis que iso. O que facían era facer traballar aos ricos, e máis nada, non había ningunha represión. O que pasa é que en Fiñana eles ocuparon para a comuna, como era un servizo colectivo, a casa mellor do pobo, que era a casa da muller do xeneral Saliquet. Ocuparon a casa, traballaban alí, facían nela as reunións, e un día subiron á parte alta da casa e encontraron un uniforme, que era o uniforme do General Saliquet. Entón fixeron unha parodia, porque pensaban que xa non volvería haber xenerais, porque os xenerais estaban feitos de palla... o que conto eu no conto. Fixeron unha parodia do xeneral e do uniforme, desfilaron co uniforme, o mestre vestiuse de xeneral, pero claro, como había quintacolumnistas, que era o típico desa situación na guerra civil, todos os que participaron nesa parodia quedaron rexistrados e logo foron acusados, así que cando entraron os franquistas os prenderon e os fusilaron. Nesta comuna

estaba un primo da persoa que me contaba isto e parece que non era un home político nin nada, senón que era un home do pobo que laboraba na comuna porque era un traballo colectivo. Era simplemente un campesiño e non sabía por qué o mataban, así que choraba. Entón, claro, aquilo quedoume na memoria. Non pensei nunca en escribir nada, pero un día que estaba en Xenebra, de repente saíume unha vindicación deste home que choraba. Pero fixen unha especie de conto onde non choraba, senón que cando lle dan a posibilidade de escribir para despedirse da muller ou dos fillos, como se fai cos que van morrer, pinta na parede o uniforme do xeneral e mexa encima.

M.- ¿Como se iniciou o auto de procesamento?

J. A. V.- Cando se publicou, o meu conto foi denunciado ao Capitán General de Canarias, probablemente por xente que tiña relación coa familia Saliquet, que recoñeceu a historia. Porque no conto eu non menciono nada, nin sequera nomes de lugar. De feito este foi un dos argumentos que utilizou a defensa, que levou Gregorio Peces-Barba, aducindo que non pasaba en España, que pasaba nun lugar de Sudamérica, porque ademais eu viaxaba moito por Sudamérica, aínda que, en realidade, nesa época, eu non tiña ido moito a Sudamérica. O Capitán General de Canarias pasou isto ao famoso Tribunal de Orden Público e o TOP inhibiuse e devolveullo ao exército, por consideralo un asunto propio del. Entón procesáronme por “insultos a clase determinada del ejército”, para non poñer nin xeneral nin historias. Aí empezou unha historia que foi bastante complicada para min, porque cando me venceu o pasaporte e fun renovoalo, quitáronme e quedei sen pasaporte nacional. Así que tiña que viaxar cun *laissez passer* das Nacións Unidas, pero, curiosamente, nos Estados Unidos, que é onde está a sede da ONU, non é válido se non tes o pasaporte nacional, porque pensan que é unha maneira de filtrar roxos no seu territorio. Entón, pois, sobre todo nesa época, se non tiñas pasaporte nacional estabas excluído. Eu tiven unha misión nos Estados Unidos e tiven que renunciar a ela, porque non me deixaron pasar. Houbo un auto de procesamento, que sería interesante reproducir. Cando un escribe unha cousa non sabe se vai chegar ao destinatario, pero isto chegou, porque o fiscal, para acusarme, leu o conto enteiro, entón os militares, o tribunal, que serían coroneis —eu qué sei o que eran—, tiveron que ouvir todos que o protagonista do conto mexaba no uniforme do xeneral. A min isto gustoume moito, que chegara plenamente aos destinatarios. Eu entón estaba en Xenebra e sempre lle dicía ao meu avogado Gregorio Peces-Barba: “Eu creo que vou ir, porque como son oficial das milicias universitarias, pois probablemente me van degradar, pasarán a cabalo quitándome a estrela de alférez”. Entón o Peces-Barba, que non ten moito sentido do humor, dicía: “Estás tolo. Vanche facer unha serie de procesos en cadea. Vante meter nun castelo”. Eu acordábame das películas nas que pasan a cabalo quitándolle as insignias e os botóns e todo iso. Parecíame marabilloso, pero, claro, era un soño, porque por suposto nunca pensei de verdade que mo ían facer. Así que non comparecín e entón apareceu unha orde de busca e captura no *Boletín Oficial del Estado* e no *Boletín Oficial de la Provincia de Orense*. Pero había policía que eran amigos meus, que estudiaran comigo no instituto, e foron ver a miña nai para avisala: “Dígalle ao seu fillo que non veña, que non apareza por aquí porque se non temos que prendelo”. A miña nai choraba, levou un

susto tremendo: “Ai, filliño, que cousas fas, ¿por que fixeches iso? ¿quen che manda...?”. Esa é un pouco a historia.

M.- ¿E que pasou co libro *Número trece*?

J. A. V.- Apoderáronse del e queimárono. Incautáronse do libro. Salváronse algúns exemplares que tiña o editor na casa. Ademais tamén houbo actuación contra o editor, Armas Marcelo, que ficou residenciado en Canarias. O *copyright* era meu, eles non tiñan aínda *copyright* porque a colección viña de aparecer, ou levaba moi pouco tempo de vida. De maneira que aquilo se editou co meu *copyright* e, en certo sentido, eu era o editor. De todos modos, Armas Marcelo estivo residenciado en Canarias e ademais privado do dereito de ensino un tempo por esta historia, aínda que eu escribín unha carta asumindo todas as responsabilidades de autor, editor... Ademais eu estaba fóra e, nesa época, os que non estabamos en España cargabamos con todo porque non nos podían botar a man. Pero daquela os comunistas non me axudaron nada, ao contrario, dixéronme: “Home, es un imprudente, porque o exército é un aliado obxectivo do pobo”. Eu dixen: “¿Ah, sí? Pois vaia un aliado obxectivo do pobo”. Ademais dixéronme que o personaxe que ía cargarse a Franco era o que entón estaba de comisario en Marrocos, que era un xeneral peor que Franco. Os comunistas non quixeron saber nada de min, non me axudaron para nada, ao contrario, botáronme unha bronca e dixéronme que iso non se facía, que ía en contra da política deles e que para facer iso tiña que ter consultado ao Partido... Uns desgraciados.

M.- ¿Que consecuencias che trouxo o consello de guerra?

J. A. V.- Estiven como seis ou sete anos sen poder poñer o pé en España. O proceso creoume bastantes problemas. Por exemplo, tiven que ocultalo á administración da miña organización, porque estas administracións son moi reaccionarias. Eu son, creo, un dos poucos escritores, periodistas creo que houbo varios, pero dos poucos escritores que pasaron por un consello de guerra na posguerra. O que pasa é que como eu non aparecía como un personaxe político, non me interesaba a política, levaba o traballo de base, informar á xente, axudala a entender as cousas, desfacer as mentiras que lles contaban os seus dirixentes, pois non se falaba moito diso.

M.- ¿Como conseguías viaxar sen pasaporte?

J. A. V.- Debo dicir que o único que me axudou, e isto tamén demostra a súa calidade humana polo menos, foi Manuel Fraga Iribarne. Ao Manolo Fraga encontreino en Londres nunha exposición e veu cara min facendo aspaventos, cos brazos como aspas de muíño, e dixo: “Xa me enterei do que che pasou. Iso se queres arréglocho eu en vintecatro horas”. Eu dixen, “Pois se podes arreglalo, eu estareiche moi agradecido”. “Non te preocupes. Imos comer xuntos”. Eu estaba coa viúva de don Alberto Jiménez Fraud, Natalia Cossío de Jiménez. Entón díxenlle: “É que mira, precisamente estou con dona Natalia e teño que ir comer con ela”. “¡Ah!”, saudou a dona Natalia. “Entón, espérote mañá ás once da mañá na embaixada”. “Moi ben, estarei a esa hora”. Dona Natalia quedou moi impresionada e díxome: “¡Ah!, ¿pero vostede tutea ao embaixador?”. “Si, é que o coñezo desde hai moitos anos, desde antes de que fora embaixador”. “Téñenlle moito medo na embaixada”, agregou. Ademais, falourne dun vello diplomático xa a punto de ser xubilado, que fora institucionista, e ao que, por chegar

cinco minutos tarde nunha ocasión, lle botou unha *bronca* terrible. Creo que outra cousa que me contou ocorrira durante unha pequena festa, un *party*, para uns nenos españois que tiñan ido a Inglaterra ver escolas inglesas. Ofrecéronlles un *party* na embaixada, pero como ao embaixador non lle gustou como estaban colocadas as mesas, empezou a cambialas el mesmo. Todos os criados dicindo “señor embajador...”, pero el seguía —“fóra, fóra, fóra”— cambiando todo. É que el era así. Entón dona Natalia díxome: “Por favor, José Ángel, non chegues tarde porque parece que é un home obsesionado pola puntualidade”. E eu, desde logo, chego tarde sempre. Entón, claro, ese día fixen un esforzo para chegar a tempo. Pero tan impuntual es se chegas moi cedo, como se chegas moi tarde, e eu, como son impuntual, cheguei moi cedo. Entón empecei a facer tempo para chamar na porta da embaixada. Chovía, abrín o paraugas e empecei a dar voltas ao redor do edificio da embaixada, pero de repente sentín uns pasos acompañados detrás de min, mirei e había dous *bobbies* enormes que me seguían. Ademais isto sucedía na época en que ían executar a Salvador Puig Antich, e as embaixadas españolas e os consulados estaban moi atacados no estranxeiro, polo que tiñan moita vixilancia. Estes viron un tipo moi sospeitoso dando voltas á embaixada, mirando, e dirían: “Un terrorista. Debe levar unha bomba no paraugas”. Eu sentíaos detrás, pero non podía entrar porque aínda non era a hora e tampouco ía chegar antes da hora. Así que din varias voltas seguido polos *bobbies*. E cando vin que máis ou menos era a hora, xa me dirixín á porta da embaixada e chamei ao timbre. Nese momento eles encadráronme, puxéronse cada un a un lado. Abriu unha doncela e dixeron: “Veño ver o embaixador”. “¿Como é o seu nome?”. “Son fulano de tal”. Dixo: “Si, estou agardando”. Entón os *bobbies* saudaron, pediron perdón e marcharon. Eu entrei e empecei a falar con Fraga deste asunto. Pero el non podía arranxar nada, home, podía arranxar cousas e o que puido, fíxoo, pero claro, eu tiña atacado o exército, que aínda era o de antes, porque o exército foi o que era ata o golpe de estado do animal de Tejero. Así que Fraga no mundo militar non podía facer nada e eu estaba xulgado polos militares, condenado por un tribunal militar, fixéranme un consello de guerra. Pero a verdade é que o Fraga, como fora ministro de asuntos exteriores, tiña moita influencia política, sobre todo no mundo diplomático e fixo chegar unha recomendación ao cónsul de Xenebra.

M.- ¿Solucionouche isto o problema en Xenebra?

J. A. V.- O cónsul, que era un home maior e educado, probablemente non era moi franquista nin nada, máis ben era un home liberal, tiña que facer o seu papel porque era diplomático. Pero recibíume moi ben e díxome: “A verdade é que eu teño aquí unha orde de busca e captura, pero non sei como podo capturalo”. Eu díxenlle: “Aquí o único capturado que hai é vostede”, porque o tiñan metido arriba, e pechado con chave, porque daquela atacaban os consulados españois con frecuencia, e tiñan unhas redes metálicas. Ademais non conseguían que lles alugaran casas, porque os manifestantes lles botaban pintura e entón había que raspar a pedra e estropeábase o edificio bastante. E botábanlles moita pintura, pintura vermella. Así que costáballes unha enfermidade encontrar unha casa para o consulado. El estaba alí pechado, e díxenlle: “Quen parece capturado é vostede”. El botouse a rir, e dixo: “¡Ah, si!. Xa sabe vostede o que pasa, que tiran botes de pintura e para que non entren pola fiestra temos que ter teas metálicas... Capturalo, non sei como o vou capturar. Ademais estiveron

lendo o seu conto, o conto incriminado; a verdade é que insultar a un uniforme dun xeneral que non ten o xeneral dentro é como insultar a unha gasoleira que non ten gasolina". Entón eu díxenlle: "Home, paréceme moi boa imaxe. ¿Poderíamo poñer por escrito?". El díxome: "Iso non". Pero claro, tiña moita razón. Dixo: "Supoñamos que vostede se vai presentar a ese xuízo para o que o convocaron, vostede non vai facer a viaxe, pero eu pódolle facer un pasaporte para que faga esa viaxe que vostede non vai facer. Entón ten que pasar dúas fronteiras, a fronteira de Suíza con Francia e a fronteira de Francia con España. Eu voulle facer un pasaporte que será válido para unha soa viaxe". Así que pasei a ter un pasaporte válido para unha soa viaxe. E engadiu: "Pero mentres non faga vostede esa viaxe, o pasaporte segue sendo válido". Arreglouse así a cousa e redactoume o pasaporte co que fun tirando. Ademais era o momento de descomposición do réxime.

M.- ¿Tiveches problemas para instalarte en Francia nesas condicións?

J. A. V.- Todo o mundo na miña casa tiña o pasaporte en regra menos eu, que tiña un pasaporte válido para unha soa viaxe. Entón a secretaria do cónsul francés díxome un día: "O señor cónsul quere falar con vostede". Eu pensei que empezariamos xa a ter problemas coa historia do pasaporte. Pero o cónsul francés díxome: "Non, señor Valente, chamábao por curiosidade, porque estráñame que teña vostede un pasaporte que sexa válido só para facer unha viaxe. ¿Que viaxe é esa?". Entón eu mirei para arriba e dixen: "Señor, é ao ceo. Xa sabe que en España somos moi católicos". Botouse a rir e dixo: "Mire vostede, eu doulle a benvida a Francia, estamos encantados de que viva en territorio francés". E así pasei a cousa.

M.- ¿Cando e como se sobreseu o proceso?

J. A. V.- Despois, cando morreu Franco, en torno á morte de Franco, por esa época, xa se sobreseu por fin o proceso. Foi sobresido máis ou menos no momento en que Franco morreu. Pero a primeira vez que viñen desde entón non estaba moi seguro de que Franco tivese morto. De feito, eu concertara o aluguer dun coche, pero cando cheguei ao aeroporto esquecera que o pedira e, de repente, polos altofalantes, empezaron a chamar: "Señor José Ángel Valente, preséntese en..." E eu dixen, anda, xa me colleron. Pero era para o coche.

M.- ¿Por que aparece o recordo de Oxford en "Intimations of Immortality from Recollections, etc." e o poema "Calles de Cambridge, 1974", escritos cando xa levabas moito tempo en Xenebra?

J. A. V.- Por unha historia de amor que motivou todo un cancionero amoroso. É un cancionero completo, non sei cántos poemas ten, pero é unha historia de amor. Coñecín unha muller bastante máis nova ca min e tiven unha relación con ela que logo se cerrou. Cando xa estaba en Xenebra, seguía desprazándome a Oxford a facer cursos ou a dar unhas clases para manter a conexión coa Universidade, porque a min custoume bastante romper a idea de que xa non ía ter conexión coa Universidade. Pero neste contexto xurdiu unha historia de amor que me fixo viaxar a Inglaterra e un cancionero amoroso que ademais leva uns versos de Nuno Fernandes Torneol como epígrafe. Isto sucedeu en Cambridge e en Oxford, pero fundamentalmente en Oxford, aínda que tamén coincidimos en Xenebra, porque ela era filla dun funcionario inglés

que traballaba na ONU. De feito, creo que nos coñecemos en Xenebra. Ela estaba estudiando en Cambridge, eu fun alí e continuou a historia. Sucedeu no mesmo ano da morte de Alfonso Costafreda, no 74. Era unha rapaza que quixen moitísimo, moi boa, e gárdolle unha memoria grande. Foi un amor que vivín moi intensamente. Resultou practicamente contemporánea á miña relación con Coral e a cousa rompeu polo lado de Coral... Eu fun moi namorado, fíxate ti qué tolo.

M.- ¿Cando e como inicias a túa relación amorosa con Coral? ¿Onde vos instalades e cando casades?

J. A. V.- O 9 de maio de 1974 foi a data en que empecei a relación con Coral, en Xenebra. Ela traballaba na OMS, era unha secretaria nova. É gracioso, os homes somos un pouco *suicidarios*, porque cando entraron ela e outras así novas dixer: “Isto vai ser a revolución”. E mira ti por onde para min foi a revolución. A min gustábase, e empezamos a falar, empezamos a ter relación. E das palabras pasamos a outras cousas máis substanciais. A aparición de Coral está xa en *Interior con figuras*. Aí aparece por primeira vez o tema de Coral, que xa continúa en *Mandorla* e noutros. A min influíume moito, porque a verdade é que para min foi unha experiencia vital. Eu non tiña tido unha experiencia sexual verdadeira, verdadeira, a fondo, ata que a coñecín. Tan só era un marido reproductor, tiven fillos, pero o que é a unión amorosa non a coñecín ata estar con Coral. A relación estivo oculta, porque ela tamén estaba casada, bastante tempo, pero foise fortalecendo. Estivo oculta os primeiros anos, pero despois non. Casamos no 84. Nun principio, eu seguín vivindo coa miña familia. Non sei cando me separei. No ano que Borges cumpriu 80 anos, no 79. Entón xa presentei o problema claramente. Non fun vivir con ela, porque ela tiña os seus rapaces, e eu non quería interpoñerme, pero ela viña verme. Aluguei un pequeno apartamento nun hotel, uns apartamentos que teñen cociña, para facer un pouco de comida. Cando empezamos a convivir primeiro fomos a Hermance unha temporadiña. Hermance é un sitio moi bonito, ao borde do lago, na extremidade do Cantón de Xenebra, xa tocando con Francia. De alí fomos a unha casa que fixera en Xenebra Le Corbusier e xa, nese momento, empezou a convivencia máis continuada, porque, aínda que Coral seguía atendendo os seus fillos, pasaba moito tempo comigo. Ademais, Hermance estaba máis lonxe, e claro, a casa de Le Corbusier quedaba máis preto e podía vir máis, e pasaba moito tempo comigo.

M.- ¿Foi este o período da túa convivencia cunha gata?

J. A. V.- Eu vivía a miña vida entre o amor da miña gata, que se chamaba Fátima, que era guapísima, e Coral. Pero dividíao, porque o problema é que as gatas son unha cousa terrible. Esta gata, cando eu chegaba a casa, tarde, tiña levantado todo o papel do *hall*. Entón escondíase, ao sentirme, escondíase. Eu chamábase, e aparecía debaixo dunha cama, dunha cadeira. Collíaa e levávaa alí e pegábase cos focinhos metidos no papel, e reparaba o papel, poñía un remendo alí, que quedaba fatal, porque eu nunca fun moi habilidoso, pero para que ela comprendera que aquilo non estaba ben feito. Pero era moi cabrona a tía. Cando soaba o despertador e non estaba Coral na casa, para que eu me levantase poñíase a rabuñar na alfombra, e entón tíñame que levantar de inmediato. Ademais, ela durmía na miña cama, durmía aos pés da cama, fóra. Eu estaba moi acostumado, a min non me facía nada, por moito que eu me movera nunca

me facía nada. Pero unha noite quedou Coral a durmir e a gata, como sempre, quedou nun lado da cama, fóra, da parte de Coral, e cando Coral se moveu pegoulle un rabuño. Entón, claro, Coral dixo “Ou a gata, ou eu”. E a partir dese momento, a pobre da Fátima tivo que durmir no chan: “Hai que fastidiarse, se non fixeras o burro rabuñando a señora...” Desde entón baixei e durmiu na alfombra. Pero eu quixen moitísimo esa gata. Aínda teño o seu retrato pola casa. Cando fun a París tiven que deixala, porque os gatos non poden estar sós, necesitan compañía, é unha cousa tremenda. Ademais, sós, poden desfacer unha casa.

M.- ¿E como foi o proceso de divorcio da túa primeira muller?

J. A. V.- Malísimo. Eu teño escrito un texto sobre isto que se chama “Palais de Justice”, que non se pode publicar porque eu teño prometido as miñas fillas non publicalo mentres viva a nai. Pero o divorcio foi tremendo, porque ademais alí hai que comparecer ante o xuíz, toman nota de todo. Eu tiña que vir de París ao proceso. Ademais, desfai todo, porque os avogados teñen que atacar, destrúese todo, todo. Non queda nada en pé. É unha cousa terrible. Lémbrome tamén de cousas cómicas. Por exemplo, unha anécdota que sucedeu cando estaba expoñendo a situación dos meus fillos e o que tiña feito por eles, concretamente a propósito de facer constar que a miña filla pequena, Patricia, fora estudar a Alemaña. O xuíz ía facendo un resumo que dictaba á taquígrafa, e despois líamo a min para ver se eu estaba de acordo ou non. Pero a taquígrafa non sabía como se escribía Goethe, e dixo: “Goethe, quoi? Comme ça s’écrit?”. Entón o xuíz indignouse e dixo: “Goethe comme Goethe”.

M.- ¿Por que e cando te trasladas a París?

J. A. V.- Fun a París no ano 81. Ofrecéronme o posto de xefe do servizo de tradución española na UNESCO. Como isto coincidía co meu divorcio, e eu estaba farto de estar en Xenebra, aceptei, entón pareceume xenial. Pero París é terrible. Para estar alí todo o tempo é terrible. Eu vivín en París cando exercía como funcionario todo o ano, e ten un clima tremendo, tremendo. Ademais daquela tiven que convivir alí con moitos e desagradables problemas laborais, aínda que tamén coñecín a unha persoa tan querida e admirable para min como o poeta arxentino Juan Gelman, que veu pedir traballo cando estaba exiliado e que resultou ser un traductor excelente. Boa parte da súa familia fora exterminada pola Dictadura militar e el trataba de sobrevivir en París. Recordo que cando me expuxo a súa lamentable situación, preguntalle: “Pero ¿como sobrevive?”. E contestoume por debaixo dos seus bigotes: “É que non sobrevivo”.

M.- ¿En que lugares de París te instalaches?

J. V. A.- Primeiro instaleime na Rue de Sèvres, moi preto de Montparnasse e da parada de metro de Duroc, nunha casa moi bonita, propiedade dun xudeu, que estaba casado cunha xudía que tiña un apelido sefardita, Cordobero. El era un xudeu asquenazi, riquísimo, xente da banca. Aquela casa era preciosa. Alí vivimos dous anos longos. Despois compramos a vivenda da Rue Vaugirard, que é bonita, pero que non ten comparación coa casa, claro. É apañadiña, pero pequena, é moi pequena, eu non podería escribir alí cos meus libros. Xa lle dixen a Coral, primeiro son os meus libros, despois estás ti. Ela ten un estudio para pintar moi bonito que era unha carnicería dos anos vinte, ten os ganchos para colgar e todo iso... A ela sempre lle interesou moito a

pintura, pero agora está completamente lanzada á creación pictórica. A min paréceme ben, porque é certo que eu teño que estar en Almería para escribir que é onde teño o material, pero claro, non podo pechala aquí a ela. Desde que nos reunimos en París mantivemos sempre un aluguer en Xenebra, primeiro o de Meyrin e logo na Rue Champ d'Amier, pero agora cada vez estamos menos en Xenebra e creo que debíamos deixalo, aínda que comprendo que Coral non queira, porque ten alí os seus fillos e tamén mobles e cousas das que non quere desprenderse.

M.- ¿Por que decidiches baixar en busca do Sur?

J. A. V.- Eu tiña vivido primeiro en Galicia, unha terra húmida, de chuvia, e despois, tras estudar en Madrid, funme a Inglaterra. Oxford é unha marabilla, é un sitio precioso, pero é unha lagoa palúdica, é unha cousa terrible, o clima de Oxford non é nada san. Despois fun a Suiza, que tamén é un sitio frío, con falta de sol. Despois estiven en París, que tamén é moi duro de clima. Entón chega un momento en que eu, despois desa experiencia climática, quero ir a un sitio cálido. Ademais creo que tamén nisto hai un elemento psicolóxico, nun certo momento un busca a luz, é o descenso de Goethe a Roma, o país onde florece o limoeiro, é ese descenso de Goethe cara o Sur das *Elexías romanas*. Eu non tiña pensado nun lugar preciso, a verdade é que o meu primeiro movemento foi ir a Lisboa, vivir en Lisboa. Pero encontreime que en Lisboa, que é unha cidade que me gusta moitísimo, o que era accesible economicamente era de moi mala calidade, e o que era bo, era carísimo, e ademais era de luxo. Ías a casas que tiñan as billas douradas e eu nunha bañeira con billas douradas non me baño. Recordo que tiñan uns prezos disparatados. Así que non era moi factible quedarme en Lisboa. Vin unha casa que estaba moi ben situada, por enriba do río, é preciosa esa parte, e entón eu, por poñerlle algunha pega, porque era evidente que non tiñamos diñeiro para comprar aquilo nin nos interesaba, porque era a casa típica con billas de ouro, obxectei que alí habería demasiada néboa. E o portugués díxonos: “¿Que néboa? Aquí hai néboa algúns días, pero cando non a hai, desde esta casa, vese o Brasil”. Entón eu dixen que Cristobal Colón fora un parvo, porque puido descubrir América con facer unha casa en Lisboa. Despois viñemos cara Málaga, onde estiven a punto de comprar unha casa moi bonita, aínda que non era unha casa tradicional, senón feita por ingleses. Era moi bonita, tiña moito servizo, moito espacio. Pero o meu avogado desaconselloume comprar nese momento porque aínda non estaba arranzado o divorcio da miña primeira muller, e resultaba un pouco perigoso porque podía entrar nos gananciais e había que esperar un pouco. Esperei e a casa vendeuse. Claro que eu xa tiña decidido non quedarme en Málaga, porque en Málaga hai como cinco ou seis poetas por metro cadrado, entón pois dixen: “Aquí non me quedo”.

M.- ¿Por que te estableces, en 1985, en Almería?

J. A. V.- Primeiro non viñen a Almería para quedarme. Díxennlle a Coral, que non coñecía Almería, que podíamos pasar uns días, a ver se podíamos alugar unha cousa en Níjar ou por aí. Entón unha amiga que facía restauración quíxonos facer ver o seu traballo, e levounos ao estudio, pero olvidou a chave, e mentres foi buscala puxémonos a pasear e vimos esta casa, cun cartel, xa moi pálido, que poñía “Se vende” e un teléfono. A casa gustoume por fóra e esa mesma noite chamei por teléfono e viñen vela e gustoume máis. Nese momento xa tiñan decidido prohibir a construción en altura na

parte vella, aínda que era moi tarde, porque xa tiñan feito verdadeiras desgracias. O caso é que os promotores xa non compraban estas casas, porque non lles deixaban construír en altura, e eles querían compralas para tiralas e facer edificios altos e horribles. Entón a casa vendeuse creo que por tres millóns de pesetas. Despois houbo que refacer cousas, limpar todas as paredes e as trabes, raspar a pintura, descubrir a pedra, sollar a parte de abaixo, que era terrea. Houbo moito traballo. Fíxoo o arquitecto Ramón de Torres, que ten moito senso da construción tradicional almeriense. Por isto esta casa é unha casa almeriense típica, non está tocada na estrutura fundamental, está tocada nos detalles. Custou moito diñeiro, pero limpouse todo, houbo bastante traballo. Eu sempre digo que non se sabe quen escolleu a quen, se eu escollín a casa ou a casa ao verme dixó: “Home, este gústame, voume quedar con el”. Esa é a historia. Iamos alugar unha especie de *cortijo*, pero que non estaba nun sitio moi bo, ademais tiña moita humidade, cando descubrimos isto, e custaba tan pouco diñeiro... Nesa época tres millóns, eran máis que agora evidentemente, pero non eran moito, era pouquísimo. Despois teño gastado máis, porque hai que mantela, e merece a pena mantela porque ten moito interese. Eu divírtome moito cambiando de ambiente, subindo ou baixando. Por exemplo, aproveitei moito o sol arriba no inverno, porque é un solarium moi bo. Así que quedei aquí. Foi un pouco o azar.

M.- ¿En que medida influíu Juan Goytisolo para escoller Almería?

J. A. V.- Juan Goytisolo axudou porque me presentou a Pepe Guirao, que é director do Reina Sofía agora, que me veu ver á UNESCO, onde eu traballaba entón, a dicirme que se eu quería me buscaban aquí unha casa, que estarían encantados que viñera por aquí. Así que nos asomamos aquí nesas condicións. Ou sexa que Juan influíu, ademais el nese momento estaba moito máis vencellado a Almería, porque agora está moi queimado. Onte chamou por teléfono e díxome que se el viña aquí era para organizar unha manifestación contra os racistas, e eu dixen: “Pois ven, e facémola xuntos”. A xente da Chanca quéreo moito, quérennos moito aos dous, pero a el primeiro porque el chegou antes aquí. Quéreno moitísimo. Eu coincidín aquí con Juan bastantes veces, sobre todo na primeira época. Nunha ocasión mesmo unha xitana, un auténtico terremoto, fíxonos bailar flamenco aos dous nunha festa popular. Primeiro resistímonos, pero todo resultou inútil, así que primeiro saín eu e logo Juan que, cando terminamos, dixó que se sentira como se tivera tragado un paraugas. Agora Juan ven menos, porque ademais ten unha posición crítica, como tamén a teño eu, e aquí levan moi mal que pola nosa causa salten os problemas á prensa nacional. Eu publiquei cousas moi duras en *El País*.

M.- ¿Como resultou a túa integración en Almería?

J. A. V.- Foi moi rápida, porque un dos primeiros sitios aos que fun foi ao Banco Baneño, ao Banco Español de Crédito, onde eu tiña sempre conta desde que fun estudar a Santiago e o meu pai me puxera nel un diñeiro. Pois ben, fun ao Banesto de Almería, e cando xa me ía, José Antonio López Alemán, que estaba alí, díxome: “Perdoe, ¿vostede é José Ángel Valente, o poeta?”. Eu dixen: “¡Hostia! ¡Que famoso son! ¡Coñécenme nos bancos de Almería!”. El tiña un libro meu, creo que o primeiro, e a través del, empecei a coñecer xente inmediatamente, e a verdade é que esta xente ten unha grande capacidade de acollida. Individualmente a xente é moi boa, o que pasa é

que colectivamente non funciona. Non teñen capacidade para defenderse do inxusto, do que está mal feito. Son moi fatalistas, cren que o mundo é así, que non se pode cambiar, e resígnanse a todo, e tragan o que teñan que tragar. A min isto indígname moito. Pero individualmente, como persoas e como amigos son extraordinarios.

M.- ¿Cales son os lugares de Almería máis emblemáticos para ti?

J. A. V.- A miña casa, a alcazaba, o deserto de Tabernas, o Cabo de Gata, a Isleta del Moro, que é un sitio onde eu ía moito, que é moi bonito, pero que o están estragando, como toda a paisaxe almeriense, porque están construíndo indebidamente. Pero eu ía moito á Isleta del Moro. E Juan Goytisolo, moitísimo. Está ao outro lado do cabo, é parte do cabo, pero polo Norte. Estou moi satisfeito dos libros de fotografías almerienses nos que colaborei. Con Jeanne Chevalier fixen dous, *Calas e Campo*. O libro de Manolo Falces, *La memoria y la luz*, converteuse nunha obra emblemática e vendeuse moitísimo. Vaise reeditar incluíndo o poema de Cabo de Gata, que só saíu en *Nadie*, pero que debe ir aí nese libro de fotografías, cunha nova fotografía do Cabo, do perfil do Cabo, que é o que se describe. Falces está facendo outro libro sobre min que se chamará *El Sur*, onde recolle imaxes miñas no Sur. Porque temos xa viaxado e feito moito xuntos. Cando o centenario de San Juan de la Cruz, traballamos moito conxuntamente. Abríronnos os conventos de clausura, falamos coas monxas e mesmo levantámoas contra os cregos. Porque o último refuxio do machismo español é a Igrexa. É dun machismo extraordinario, unha cousa terrible. Abusan da ignorancia das monxas para levar os libros. Eu díxenlle á superiora dun convento de Granada: “¿Por que lle deixa sacar ao Provincial os libros do convento? Se os libros son do convento, non son do Provincial”. “Claro, se eu me dera conta, pero nós no sabemos nada”. Pero eses libros pertencen ao convento, nese convento foi superiora Ana de Jesús, que era unha muller extraordinaria, da categoría de Santa Teresa de Jesús, por iso a mandaron fóra. Levantaron a Santa Teresa, pero liquidaron toda a súa garda. A Igrexa ten procedementos soviéticos, tipicamente soviéticos. Ou máis ben os *soviets*, como ademais o camarada Stalin era seminarista, seguiron moito os procedementos da Igrexa. A Igrexa liquidou a vella garda, por isto San Juan de la Cruz foi tan perseguido. Por certo que eu son veciño dun convento de monxas en Almería, que se preocupan moito por min. Mándanme unhas xemas exquisitas e panos bordados que, ademais, poñen o meu nome de xeitos diferentes, por exemplo nuns pon “J. A. V.” e noutros “J. A. Valente”, non poñen sempre o mesmo. Son moi boas, teño moita relación con elas.

M.- Nos anos noventa foi frecuente o teu paso por Galicia e, de novo, por Santiago de Compostela. ¿Pensaches nalgún momento retornar á túa terra?

J. A. V.- Eu tiven moitas épocas nas que frecuntei Galicia, tanto por visitar a familia de Ourense como por ser un auténtico namorado de Fisterra e da Costa da Morte. Nos anos noventa participei ademais en moitos actos, conferencias e recitais, como ti sabes, pois estiveches comigo en case todos eles, por exemplo en Ourense, en A Coruña, en Vigo ou, sobre todo, moitas veces en Santiago de Compostela. En realidade, eu síntome moi a gusto en Compostela, creo que é unha cidade marabillosa, as prazas do Obradoiro ou da Quintana non teñen parangón no mundo, e dende logo gustárame moito ter vivenda na zona vella de Santiago. O que ocorre é que non se pode estar en

todas partes e eu levo unha vida xa suficientemente complicada. Pero, como che teño dito moitas veces paseando por Santiago, teríame gustado retirarme a Compostela. Ademais, gardo moi bos recordos dos meus tempos de estudante. Cando o meu pai me ingresou uns cartos no Banesto de Compostela, que por certo gastei antes de tempo, díxome: “Isto é para todo o ano escolar”, pero eu creo que o gastei en medio ano. Porque ademais comín moitos bombóns. Vivía no vello edificio do Hotel La Perla, que xa desapareceu, nun cuarto moi bonito. Tiña unha fiestra que daba á Alameda e outra polo outro lado desde onde se vía a casa dun médico moi coñecido en Santiago nesa época que se chamaba Villanueva e que tiña unha filla moi coqueta que se chamaba Diducha. Eu daquela era moi católico, fervente católico, de confesión semanal na Catedral. A Diducha acendía a luz do seu cuarto e espiase, pero había un biombo e botaba a roupa por encima do biombo. Eu estaba... que fervía. Despois tiña que confesarme. Tamén nese ano que vivín en Santiago empezoume a doer moito a cabeza. Fun ao médico e díxome: “Pois non ten nada na cabeza. Probablemente teña algo da vista”. Díxenlle que eu vía ben, pero mandoume ao oculista. Fun ao oculista e púxome gafas. Entón, claro, eu que tamén era bastante coqueto, pois non quería poñer lentes, así que andaba con gafas de sol, ¡en Santiago!. Ademais choveu todo o ano. Desde que cheguei ata o momento que marchei, estivo chovendo todo o ano sen parar. E eu con gafas de sol. Como o cego da cega. En fin, que teño moitos recordos da miña estada compostelá, á parte dunha gran estima pola Universidade de Santiago. Por isto lle deixei a ela todo o meu arquivo e toda a miña biblioteca. Creo que en ningún sitio poderían estar mellor. De maneira que estou encantado coa creación da Cátedra que leva o meu nome e recibín con moita ilusión o meu doutoramento “Honoris Causa” pola Universidade de Santiago, que agradezo e que aprecio moi sinceramente, e para o que tiveren a sorte de que ti me apadriñaras. Non teño palabras para agradecervos, a ti e a Carmen, todo o que levades feito por min.